

CONVENIO

DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, E O COLEXIO
OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, PARA A REALIZACIÓN DE
DIFERENTES ACTUACIÓNS DOCUMENTAIS E DE MELLORA DE
EFICIENCIA TÉCNICA, NOS CENTROS EDUCATIVOS DAS CATRO
PROVINCIAS GALEGAS, DEPENDENTES DA XUNTA DE GALICIA.



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, PARA A REALIZACIÓN DE DIFERENTES ACTUACIÓNS DOCUMENTAIS E DE MELLORA DE EFICIENCIA TÉCNICA NOS CENTROS EDUCATIVOS DAS CATRO PROVINCIAS GALEGAS, DEPENDENTES DA XUNTA DE GALICIA.

En Santiago de Compostela, 11 de maio de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr D. _____, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en nome e representación da Xunta de Galicia, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e de acordo co seu nomeamento polo Decreto 15/2015, do 9 de febreiro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

E doutra, D. _____, na súa condición de Decano-Presidente do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 11 dos Estatutos Xerais dos Colexios de Arquitectos e do seu Consello Superior, aprobados polo RD 327/2002 de 5 de abril, BOE nº 95 do 20 de abril, e artigo 38 a) dos seus Estatutos Particulares, aprobados por Decreto 293/1999, de 28 de outubro, DOG nº 221, de 16 de novembro.

As dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral Técnica, , segundo consta no Decreto 4/2013, de 10 de xaneiro polo que se establece a

estrutura orgánica da mesma, exerce a través da súa Subdirección Xeral de Construcións e Equipamento e a súa vez polos seus Servizos de obras e equipamentos, de supervisión e xestión patrimonial e de construcións, entre outras, as seguintes funcións:

- O seguimento, execución, control e coordinación dos plans de equipamento nas fases de deseño, adquisición, recepción e distribución.
- A elaboración dos informes e das actuacións que sexan necesarias en relación cos órganos externos de control respecto ás ditas actividades contractuais.
- O estudo da programación de prioridades para os proxectos de obra nova, ampliación ou reposición dos inmobles dependentes desta consellería, definindo as características en función do que se estableza no programa de necesidades específico para o dito investimento, en coordinación coas direccións xerais de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e de Centros e Recursos Humanos.
- A elaboración de instrucións técnicas e fixación de criterios sobre edificacións, instalacións e equipamentos, métodos de control e ensaio.

2. Pola súa banda, o Colexio de Arquitectos de Galicia, a tenor da lei e dos seus Estatutos, é unha Corporación de Dereito Público que ten entre os seus fins esenciais promover o perfeccionamento da actividade profesional dos arquitectos ao servizo da sociedade, así como realizar as prestacións de interese xeral propias da arquitectura e do urbanismo, que considere oportunos, ou que lle encomenden os poderes públicos (art. 5 a) e f) dos seus Estatutos) e, entre as súas funcións, a colaboración coas Administracións Públicas, podendo subscribir os correspondentes convenios de colaboración coa Comunidade Autónoma de Galicia, para asumir a encomenda de realización dalgunha actividade ou servizo da súa competencia ou para a realización de actividades de interese común e para a promoción de actuacións orientadas á defensa do interese público (arts.5 da Lei estatal básica de Colexios Profesionais e 7 e 9 r) da Lei de Colexios Profesionais de Galicia).

Desa forma, desde fai anos, vén desenvolvendo cometidos de recolleita de información e aposta tecnolóxica, sobre temas de interese da edificación para os seus colexiados e para o público en xeral, así como colaborando coa Xunta de Galicia desde o ano 1998, en diversas accións segundo os Convenios subscritos no seu día, e con resultado satisfactorio para ambas partes.

En concreto, con contidos concorrentes e complementarios á identificación das actuacións que agora se conveñen, sen ser exhaustivos, subscribíronse os seguintes convenios de colaboración de parecidas características a este segundo o detalle seguinte:

- 17 de decembro do 1998. Convenio subscrito co Instituto Galego da Vivenda e Solo para o análise do parque inmobiliario de vivendas de promoción pública de Galicia, incluíndo un estudo - diagnóstico que permitiu obter unha visión global e estruturada sobre o seu estado de conservación de 18.000 vivendas, determinando as lesións existentes nas edificacións, os riscos que supoñían, a causa das deficiencias advertidas, así como as posibles solucións e o custo estimado por sistemas construtivo.
- 10 de maio de 2007. Convenio subscrito coa Consellería de Vivenda para a realización por arquitectos colexiados de visitas previas de información e asesoramento, e seguimento de actuacións de rehabilitación ou renovación de vivendas situadas no ámbito rural, en conxuntos ou núcleos históricos sen oficina de rehabilitación municipal.
- 31 de decembro de 2008. Convenio co instituto enerxético de Galicia (INEGA), para a realización de accións en materia de certificación enerxética de edificios, no marco do plan de acción da estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España 2008-2012, correspondentes ao exercicio 2008.

3. A oportunidade da colaboración ven dada pola necesidade de mellorar e documentar polo miúdo o estado actual dos centros educativos galegos, e así programar de mellor forma as obras e eficiencia técnica das mesmas, de acordo a Lei estatal 8/2013 de 26 de xuño de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana, e ao RD 235/2013 de 5 de abril, sobre procedemento para a obtención da Certificación Enerxética dos edificios.

4. Que é de interese común de ambas partes, actuar de forma coordinada na realización de traballos de natureza técnica e documental que permitan investigar e avanzar no desenvolvemento de documentos de apoio para a súa posterior aplicación práctica no parque edificado de infraestrutura docente de Galicia, para a súa utilización pola propia Consellería e toda a comunidade educativa de Galicia, e polo tanto por toda sociedade galega en xeral, dadas as competencias que a Consellería ten e sendo os traballos de edificación para uso docente competencia da profesión de Arquitecto nos termos previstos na Lei 38/1999 de Ordenación da Edificación.

Por todo isto, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio das súas competencias, e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración, para aborda-la execución das actuacións citadas, a través dun convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para a realización de diferentes actuacións documentais e de mellora e eficacia técnica nas edificacións, instalacións e equipamentos educativos públicos, competencia da Xunta de Galicia, nas catro provincias galegas, os cales desenvolveranse segundo estas fases:

FASE I:

Esta fase a súa vez descomponse en:

I a. Proposta de imaxe corporativa única para os diferentes centros educativos

I a.1. Desenvolvemento dun estudio cromático en función das etapas de desenvolvemento dos nenos e das características das aulas, para a elaboración dunha proposta de imaxe corporativa, que abranza sinalética e fichas de cores a empregar nas aulas, única para os centros educativos.

I a.2 Convocatoria e resolución do concurso para a selección da mellor proposta de elemento icónico identificativo dos centros educativos galegos (peche, cartel, marquesiña e taboleiro de anuncios), incluíndo redacción consensuada das bases, maquetación da páxina web do concurso, difusión, seguimento e fallo do mesmo.

I.b. “FICHA TIPO” e solución construtiva para unha tipoloxía educativa.

I b.1.Elaboración do conxunto de datos tipo descritivos dos centros educativos ("**FICHA TIPO**"), necesarios para a identificación dos centros e a descrición dos sistema construtivos, estruturais, instalacións e dotacións, estado de conservación, etc. Traslado do modelo de información a recadar co detalle de campos, características e criterios de validación correspondentes.

I b.2. Cumprimentado dunha ficha tipo correspondente a unha das tipoloxías educativas identificadas polas Unidades Técnicas da Consellería.

I. b.3. Elaboración dunha proposta de solución construtiva de reparación que a modo de vademecum sexa aplicable para unha das tipoloxías educativas NUNHA ÁREA XEOGRÁFICA CONCRETA, identificadas polas Unidades Técnicas da Consellería.

FASE II: Catalogación de Centros

II a1 Convocatoria e xestión dunha quenda de Arquitectos colexiados para cumprimentado das fichas dos centros educativos públicos, competencia da Xunta de Galicia, das catro provincias galegas, que a Consellería indique entre un mínimo de 225 e un máximo de 594 centros. A Consellería proporcionará ao COAG coa suficiente antelación (23 de maio de 2016) o listado de centros docentes obxecto de catalogación e inspección, o alcance dos traballos a desenvolver polos arquitectos en cada un deles (documentación de arquivo, inspección in situ do centro, levantamento planimétrico), prazo de entrega das fichas, datos de contacto da persoa encargada de atender aos arquitectos nas visitas aos centros e datas posibles para a realización das visitas. O número concreto de centros docentes a catalogar e inspeccionar, o alcance dos traballos en cada un deles así como o importe de cada unha das fichas por cada centro incorporaranse ao presente convenio mediante unha adenda con posterioridade á sinatura do mesmo, non podendo sobrepasar o importe da totalidade das fichas de catalogación dos centros docentes o importe fixado no presente convenio para honorarios dos arquitectos designados para os traballos de catalogación e inspección dos centros educativos (70.000 €).

II. a2 Apoio ás Unidades Técnicas Provinciais na súa interlocución cos arquitectos que realizan as catalogacións.

II a.3. Desenvolvemento de accións formativas complementarias: seminario color (10h) e curso sobre mellora da eficiencia enerxética dos edificios (20h) dirixidas aos arquitectos participantes nos diferentes traballos obxecto deste convenio.

SEGUNDA. ESTIMACIÓN DE CUSTOS DE EXECUCIÓN

Para o desenvolvemento das actuacións e actividades establecidas neste convenio, e dada a natureza plurianual do mesmo, estímase un total de cento catro mil cincocentos euros con trinta e oito céntimos, IVE incluído (104.500,38 euros), distribuídos nas seguintes partidas:

Ia. Proposta de imaxe corporativa única: 18.395,05 euros (IVE incluído)

I a1 Desenvolvemento dun estudio cromático en función das etapas de desenvolvemento dos nenos e das características das aulas, para a elaboración dunha proposta de imaxe corporativa, que abranga sinalética e fichas de cores a empregar nas aulas, única para os centros educativos

Medios propios

	Coste/hora (incluída SS)	horas	Total
Arquitecto	32,37	10	323,70 €
Colaboradores externos			7.000,00 €
Total			7.323,70 €

I a2 Convocatoria e resolución do concurso para a selección da mellor proposta de elemento icónico identificativo dos centros educativos galegos (peche, cartel, marquesiña e taboleiro de anuncios), incluíndo redacción consensuada das bases, maquetación da páxina web do concurso, difusión, seguimento e fallo do mesmo

Medios propios

	Coste/hora (incluída SS)	horas	Total
Arquitecto	36,12	41	1.480,92 €
Arquitecto	32,37	25	809,25 €
Asesor jurídico	33,78	41	1.384,98 €
Informático analista	35,19	28	985,32 €
Informático desarrollador	25,68	16	410,88 €
Premio concurso			6.000,00€

Total	11.071,35 €
--------------	--------------------

Total fase Ia:	18.395,05 €
-----------------------	--------------------

Ib. “FICHA TIPO” y solución constructiva para una tipoloxía educativa: 11.706,64 euros (IVE incluído)

I b1 Elaboración do conxunto de datos tipo descriptivos dos centros educativos ("FICHA TIPO"), necesarios para a identificación dos centros e a descrición dos sistema construtivos, estruturais, instalacións e dotacións, estado de conservación, etc. Traslado do modelo de información a recadar co detalle de campos, características e criterios de validación correspondentes

Medios propios	Coste/hora (incluída SS)	horas	Total
Arquitecto	32,37	63	2.039,31 €
Informático analista	35,19	62	2.181,78 €
Colaboradores externos			4.000,00 €
Total			8.221,09 €

I b.2 Cumprimentado dunha ficha tipo correspondente a unha das tipoloxías educativas identificadas polas Unidades Técnicas da Consellería

Medios propios	Coste/hora (incluída SS)	horas	Total
Arquitecto	32,37	5	161,85 €
Colaboradores externos			1.000,00 €
Total			1.161,85 €

I. b.3. Elaboración dunha proposta de solución constructiva de reparación que a modo de vademecum sexa aplicable para unha das tipoloxías educativas NUNHA ÁREA XEOGRÁFICA CONCRETA, identificadas polas Unidades Técnicas da Consellería

Medios propios	Coste/hora (incluída SS)	horas	Total
Arquitecto	32,37	10	323,70 €
Colaboradores externos			2.000,00 €
Total			2.323,70 €

Total fase Ib 11.706,64 €

Fase II: Catalogación de centros 74.398,69 euros (IVE incluído)

II a1 Convocatoria e xestión dunha quenda de Arquitectos colexiados para cumprimentado das fichas dos centros educativos públicos, competencia da Xunta de Galicia das catro provincias galegas

Medios propios	Coste/hora (incluída SS)	horas	Total
Informático desarrollador	25,68	8	205,44 €
Administración	26,09	20	521,80 €
Administración	27,73	17	471,41 €
Total			1.198,65 €

II.a2. Apoio ás Unidades Técnicas Provinciais na súa interlocución cos arquitectos que realizan as catalogacións:

Medios propios	Coste/hora (incluída SS)	horas	Total
Arquitecto	36,12	15	541,80 €
Arquitecto	36,12	15	541,80 €
Arquitecto	36,12	15	541,80 €
Arquitecto	35,19	15	527,85 €
Total			2.153,25 €

II a.3. Desenvolvemento de accións formativas complementarias: seminario color (10h) e curso sobre mellora da eficiencia enerxética dos edificios (20h)

Medios propios	Coste/hora (incluída SS)	horas	Total
Arquitecto	32,37	25	809,25 €
Informático desarrollador	25,68	9,25	237,54 €
Total			1.046,79 €

Honorarios colexiados **70.000,00 €**

Total fase II **74.398,69 €**

TERCEIRO. COMPROMISOS DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA

En razón ás prestacións deste Convenio, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, asume as seguintes obrigas:

1. De carácter técnico

Fase I:

Ia. Proposta de imaxe corporativa única.

I. a1 Desenvolvemento dun estudio cromático en función das etapas de desenvolvemento dos nenos e das características das aulas, para a elaboración dunha proposta de imaxe corporativa, que abranxa sinalética e fichas de cores a empregar nas aulas, única para os centros educativos.

I. a2 Convocatoria e resolución do concurso para a selección da mellor proposta de elemento icónico identificativo dos centros educativos galegos (peche, cartel, marquesiña e taboleiro de anuncios), incluíndo redacción consensuada das bases, maquetación da páxina web do concurso, difusión, seguimento e fallo do mesmo. As bases reguladoras do concurso deberán prever que como consecuencia do convenio de colaboración subscrito, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é a destinataria final da proposta gañadora e adquirente dos dereitos de explotación da mesma para a súa instalación nos centros educativos que determine, xa que entre outras obrigas a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é a que sufraga con fondos públicos propios o importe da proposta gañadora.

Ib. “FICHA TIPO” e solución construtiva para unha tipoloxía educativa:

I b1 Elaboración do conxunto de datos tipo descritivos dos centros educativos (**“FICHA TIPO”**), necesarios para a identificación dos centros e a descrición dos sistema construtivos, estruturais, instalacións e dotacións, estado de conservación, etc. Traslado do modelo de información a recadar co detalle de campos, características e criterios de validación correspondentes.

I b.2 Cumprimentado dunha ficha tipo correspondente a unha das tipoloxías educativas identificadas polas Unidades Técnicas da Consellería.

I. b.3. Elaboración dunha proposta de solución construtiva de reparación que a modo de vademecum sexa aplicable para unha das tipoloxías educativas NUNHA ÁREA XEOGRÁFICA CONCRETA, identificadas polas Unidades Técnicas da Consellería.

Fase II: Catalogación de centros

II a1 Convocatoria e xestión dunha quenda de Arquitectos colexiados para cumprimentado das fichas dos centros educativos propiedade da Xunta de Galicia das catro provincias galegas que a Consellería indique.

II. a2 Apoio ás Unidades Técnicas Provinciais na súa interlocución cos arquitectos que realizan as catalogacións.

II a.3. Desenvolvemento de accións formativas complementarias: seminario color (10h) e curso sobre mellora da eficiencia enerxética dos edificios (20h).

2. De carácter económico

O COAG asume o compromiso económico de seis mil novecentos euros con trinta e oito céntimos (6.900,38€), mediante a achega de medios (humanos, técnicos, etc) para a execución do convenio. Esta cantidade acreditarse presentando para elo copia de recibos salariais e pagos de cotas salariais correspondentes e outros pagos feitos, logo da conformidade da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e en ningún caso excederán do importe indicado neste Convenio.

CUARTA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

En razón ás prestacións deste Convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

1.- De carácter técnico

- Facilitar ao grupo de traballo designado polo COAG, o apoio técnico necesario, así como de toda a información documental dispoñible nos seus servizos centrais e catro unidades territoriais, así como ferramentas informáticas que obren nas súas dependencias ou noutras da Xunta de Galicia, que se consideren necesarias para a realización dos obxectivos deste Convenio:
- Proporcionar os medios informáticos necesarios para que os colexiados poidan introducir os datos que deben recoller durante os traballos de inspección. Para iso, o acceso á plataforma on line da Consellería de Educación onde os arquitectos receptores dos encargos deben cumprimentar os datos de cada un dos centros deberá estar dispoñible o día 23 de maio do 2016. Este apartado desenvolverase en colaboración coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).
- Proporcionar o apoio e o soporte necesario para a atención e solución das posibles incidencias informáticas que durante o proceso de presentación dos traballos a través da plataforma on line da Consellería puideran xurdir. Este apartado desenvolverase en colaboración coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).
- Proporcionar ao COAG coa suficiente antelación (23 de maio de 2016) o acceso á plataforma on line da Consellería que permita ao COAG dar de alta aos usuarios arquitectos que farán as catalogacións de cada centro. Así mesmo, a partires do 1 de setembro, a plataforma permitirá ao COAG facer o seguimento en tempo real da actividade rexistrada polos arquitectos encargados da catalogación dos centros. Este apartado desenvolverase en colaboración coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).
- Proporcionar ao COAG coa suficiente antelación (23 de maio de 2016) o listado de centros docentes obxecto de catalogación, o alcance dos traballos a desenvolver polos arquitectos en cada un deles (documentación de arquivo, inspección in situ do centro, levantamento planimétrico), prazo de entrega das fichas, datos de contacto da persoa encargada de atender aos arquitectos nas visitas aos centros e datas posibles para a

realización das visitas. Todos estes datos incorporaranse ao presente convenio mediante adenda.

- Garantir que durante as visitas aos centros haberá unha persoa dispoñible con capacidade para posibilitar que o arquitecto poida acceder ás dependencias e comprobar todos os aspectos obxecto de verificación na data programada para cada visita. No caso de que, por iniciativa do arquitecto, sexa necesarias sucesivas visitas ao centro, deberase garantir que sexa posible nas mesmas condicións.

2.- De carácter económico

- Para o financiamento das actuacións definidas neste Convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aportará como máximo a cantidade de noventa e sete mil seiscientos euros (97.600,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 10.10.422A.640.0 para o ano 2016, e da aplicación orzamentaria 10.10.422A.640.0 para o ano 2017, distribuídos nas seguintes anualidades:

Ano 2016.....70.000,00 €

Ano 2017.....27.600,00 €

As citadas cantidades libranse a favor do COAG, ata o límite establecido en cada prazo logo do cumprimento por parte do COAG das seguintes fases dos traballos a realizar:

- 23.200 € ao cumprimento total da PRIMEIRA FASE e o apartado II.a 1 da fase II, que remata o 15 de xuño de 2016.
- 46.800 € ao cumprimento da SEGUNDA FASE, entrega 1ª de fichas, que deberá estar cumprimentada o 30 de setembro de 2016
- 27.600 € ao cumprimento da SEGUNDA FASE, entrega 2ª de fichas, que deberá estar cumprimentada o 20 de marzo de 2017.

QUINTA.- PRAZOS

Se fixan os seguintes prazos de entrega:

- **Para a Fase I:**
O apartado I.a1 (estudio cromático), a entregar con data **30 de maio de 2016**.
O apartado I.b1 (“FICHA TIPO”), a entregar con data **30 de maio de 2016**.

O apartado I.b.2 (cumprimentado da ficha tipo), a entregar con data **30 de maio de 2016**.

O apartado I. a2 (resolución concurso elemento icónico) o **15 de xuño de 2016**.

O apartado I. b3 (proposta de solución construtiva) o **30 de maio de 2016**.

- **Para a Fase II:**

O apartado II. a1 (Convocatoria e xestión dunha quenda de Arquitectos colexiados para cumprimentación das fichas), o **30 de maio de 2016**.

Primeira entrega de fichas de centros cumprimentadas, o **30 de setembro de 2016**.

Segunda entrega de fichas de centros cumprimentadas, o **20 de marzo de 2017**.

Xunto cos traballos o COAG presentará un cadro coas actuacións realizadas, o custo das mesmas e a xustificación dos gastos incorridos para súa execución mediante, entre outros, gastos de persoal, honorarios profesionais, dietas por desprazamento e manutención, etc ...

SEXTA.-VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ó día seguinte da súa sinatura e estenderá a súa vixencia, os efectos económicos indicados no clausulado, ata o 31 de marzo de 2017.

SÉTIMA.- RELACIÓNS LABORAIS E CONFIDENCIALIDADE

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Convenio. En ningún caso poderá alegarse dereito algún polos referidos profesionais en relación coa Xunta de Galicia, nin esixirse a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o COAG e estes profesionais.

Os profesionais que desenvolvan as actividades e os empregados e membros do COAG participantes nas mesmas, quedan expresamente obrigados a realizar os seus traballos baixo as cláusulas do segredo profesional e, en consecuencia, a manter absoluta confidencialidade e

reserva sobre a totalidade dos documentos que lle sexan confiados ou que sexan elaborados no desenvolvemento da actividade.

Os profesionais que desenvolvan as actividades e os empregados e membros do COAG participantes nas mesmas, quedan obrigados a gardar sexilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto da actividade, dos que teña coñecemento con ocasión da mesma, e a facelo gardar ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución. Por tanto, non poderá proporcionar información a terceiros sobre a materia obxecto da actividade, a non ser que conte a estes efectos coa previa autorización expresa da Xunta de Galicia.

Considerarase información confidencial calquera información á que se acceda en virtude do presente convenio, así como a documentación asociada a calquera produto tecnolóxico, tanto software como hardware, produto dos traballos desenvolvidos no obxecto do convenio.

Así mesmo, o COAG deberá designar a persoa ou persoas que estarán autorizadas para as relacións coa Xunta de Galicia, a efectos do uso correcto do material e da información a manexar.

O COAG deberá responsabilizarse de que en caso de realizar tratamento de datos de carácter persoal, este se realice de acordo coas normas de seguridade da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal (Lei 15/1999 e demais lexislación complementaria), e que non serán aplicados nin utilizados con fins distintos aos que figuran no prego, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación a outras persoas ou entidades.

Os profesionais que desenvolvan as actividades manterán absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que puideran coñecer como ocasión do cumprimento do convenio, que non poderán copiar ou utilizar co fin distinto ó que figura neste convenio, nin tampouco ceder a outros nin sequera a efectos de conservación, quedando obrigados ao cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, en todo o que sexa de aplicación ao presente convenio, conforme ó disposto nas normas que se relacionan a continuación:

Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999.

Disposicións de desenvolvemento das normas anteriores en materia de protección de datos que se atopen en vigor á sinatura deste contrato ou que podan estalo durante a súa vixencia.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento, composta por tres membros de cada unha das entidades asinantes. A dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirase a petición dunha das partes.

A Comisión de seguimento, poderá matizar ou clarexar o alcance dos traballos previstos en cada fase, podéndose facer a transferencia do orzamentado previsto en cada una de elas segundo o apartado terceiro deste Convenio, ou mais polo miúdo, redistribuír as cantidades previstas en función da profundidade e complexidade do traballo a realizar que a Consellería requira. A transferencia requirirá de informe favorable por parte dos servizos técnicos da Consellería.

Os pagamentos de cada fase requirirán igualmente proposta da Comisión de seguimento, e quedarán supeditados a unha supervisión favorable dos traballos realizados, por parte dos servizos técnicos da Consellería.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase:

- a) Polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- b) Polo transcorrer do tempo estipulado sen que o COAG xustifique ante a Secretaría Xeral Técnica as realizacións obxecto do mesmo.

DÉCIMA.- COMPETENCIAS DE INTERPRETACIÓN E RESOLUCIÓN

No presente convenio, que ten natureza administrativa, correspóndelle á Xunta de Galicia, previo os informes e actuacións pertinentes, ostentar a prerrogativa da súa interpretación e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos neste senso inmediatamente executivos. A competencia, para coñecer da impugnación dos seus acordos, correspóndelle a xurisdición contencioso - administrativa.

Ó presente convenio non lle será de aplicación a lexislación de Contratos das Administracións Públicas, conforme ó disposto no artigo 4.1 d) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do

Sector Público, coa excepción segundo o apartado 2 do mesmo artigo, da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolve-las dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

UNDÉCIMA.- PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA

Conforme ao establecido na lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio publicitarase a través do rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Remitirase unha copia para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, xunto cunha memoria xustificativa, onde se sinalará con claridade o importe das obrigas económicas para a Facenda autonómica e a entidade destinataria das mesmas.

Segundo o establecido na disposición adicional segunda, este convenio será remitido ao Consello da Xunta de Galicia, por implicar obrigas de carácter plurianual.

DUODÉCIMA.- PROPIEDAD E EXPLOTACIÓN DOS RESULTADOS OBTIDOS FROITO DO CONVENIO.

A propiedade e dereitos de explotación dos traballos froito da execución do convenio corresponden á Xunta de Galicia e ao COAG.

Respecto da Xunta de Galicia a utilización dos traballos levarase a cabo sen limitación algunha e nos termos amplos que recoñece a lexislación vixente de Propiedade Intelectual para súa aplicación e/ou instalación nos centros educativos que a Xunta de Galicia determine. A utilización e aplicación dos traballos nos centros educativos poden requirir de adaptacións e/ou modificacións para a implantación en cada centro concreto que poderán ser realizadas por técnicos distintos dos redactores dos traballos orixinais resultado do convenio. Neste sentido, a sinatura do presente convenio leva aparellada a cesión á Xunta de Galicia dos dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial que correspondan aos traballos e resultados da execución do presente convenio sen prexuízo dos dereitos persoais e morais que a lei outorga aos autores.

Respecto do COAG, os traballos resultado da execución do presente convenio supoñen un labor importante en orden á investigación no eido da arquitectura e de prestacións de interese xeral propias da Arquitectura, en aspectos tales como a cor, a eficiencia enerxética así como o desenvolvemento de ferramentas de gran utilidade para súa aplicación polo conxunto da profesión en orden a inspeccionar e determinar o estado de conservación do patrimonio edificatorio construído e artellar as medidas precisas para súa conservación e rehabilitación, establecendo criterios e normas de boas prácticas. Neste sentido, o COAG poderá utilizar os



XUNTA DE GALICIA

traballos, estudos, conclusións e ferramentas resultado da execución do presente convenio cunha finalidade didáctica e formativa, para a súa utilización no desenvolvemento de accións formativas, tanto as complementarias contempladas no propio convenio, seminario cor e curso sobre mellora da eficiencia enerxética dos edificios, como noutras que puidieran ser de interese para o seu desenvolvemento por parte do COAG, ou para súa inclusión en publicacións especializadas así como facer uso das mesmas para facilitar o labor dos seus colexiados no ámbito das súas intervencións profesionais en edificacións preexistentes considerando que ditos traballos, estudos, conclusións e ferramentas ademais de útiles para o traballo do conxunto da profesión redundan no interese público e da cidadanía como destinataria dos servizos dos Arquitectos e constitúen unha prestación no eido da arquitectura de interese xeral así como para o exercicio de calquera outra función estatutaria e legalmente recoñecida.

En proba de conformidade asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data ó comezo citado.

Pola Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación
Universitaria

Polo Colexio Oficial de Arquitectos
de Galicia
O decano-presidente

ANEXO 1. DIRECTORIO UNIDADES TÉCNICAS DA CONSELLERÍA

- **A CORUÑA**
Adolfo Villaverde Rodríguez. Arquitecto xefe de servizo.
981 184754 adolfover@edu.xunta.es
- **LUGO**
José Ribo Touza. Arquitecto técnico xefe de servizo
982 294199 unidadetecnica.lugo@edu.xunta.es
- **OURENSE**
Cecilia Rojo Ramirez. Arquitecta xefa de servizo
988 386647 maria.cecilia.rojo.ramirez@edu.xunta.es
- **PONTEVEDRA**
Rafael Bouzas Bello. Arquitecto xefe de servizo
986 805910 unidadetecnica.pontevedra@edu.xunta.es